

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP COUTADA-BEADE

CURSO: 5º E.P

MATERIA: MÚSICA

DATA: 12. 5.2020

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
BLOQUE 1	ESCOITA
<i>Procurar e seleccionar información co fin de planificar e organizar visitas culturais e a asistencia a espectáculos, festas, accións na rúa, festivais e concertos, así como intercambiar esa información co fin de contribuír á formación e á satisfacción persoal e colectiva, e encher o tempo de lecer.</i>	Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musica.
	Coñece, entende e respecta as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.
<i>Coñecer e identificar as principais familias dos instrumentos, e identificar as principais características de instrumentos doutras culturas.</i>	Clasifica os instrumentos atendendo á súa forma de producir o son (aerófonos, cordófonos, membranófonos, idiófonos e electrófonos).
BLOQUE 2	INTERPRETACIÓN MUSICAL
<i>Interpretar un repertorio básico de acompañamentos, cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, valorar o traballo feito, avaliar o resultado e propor accións de mellora.</i>	Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos, con e sen acompañamento.
BLOQUE 3	MÚSICA, MOVEMENTO e DANZA
<i>Improvisar en grupo danzas e movementos rítmicos sobre temas fixados con anterioridade ou con sons extraídos do contexto, expresando sentimentos e sensacións, e explicar con claridade as decisións tomadas ao longo do proceso de creación, as dificultades atopadas e as solucións adoptadas.</i>	Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.
<i>Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas.</i>	Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos: A avaliación será global, continua e formativa, facilitando ao alumnado cantidade e variedade de experiencias de aprendizaxe, co fin de que cada neno alcance o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades.</p> <p>Valoración e calificación dos traballos presentados telemáticamente e individualmente, na aula virtual.</p>
	<p>Instrumentos: Fichas fotocopiáveis de repaso e reforzo de conceptos teóricos, partituras.</p> <p>- Blog de Música (creado especialmente para esta circunstancia extraordinaria, dado que é moi difícil realizar actividades colectivas -canto, rítmica, instrumentación, danza- telemáticamente). O enlace é maticesmusicais.blogspot.com (entradas semanais con recursos diversos - audicións, danzas, cancións, exercicios rítmicos, instrumentación...).</p>
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: Na avaliación final das aprendizaxes valorarei o grao de desenvolvemento das competencias imprescindibles, desenvolvidas nos dous primeiros trimestres, presencialmente, calculando unha nota media e valorando positivamente os traballos realizados e entregados este 3º trimestre.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>- Ver, escoitar e practicar os recursos subidos ao BLOG, -cantigas, percusións corporais, linguaxe musical, audicións, xogos de discriminación auditiva, familias instrumentais-..</p> <p>-Traballos individuais sobre contidos tales como biografías de músicos, familias instrumentais, entrevistas e valoración.. Entregaranse na aula virtual.</p> <p>-Gravación de vídeos curtos do alumnado tocando ou cantando algunha canción, enviados á aula virtual, -actividade voluntaria- .</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p style="text-align: center;"><u>Alumnado con conectividade</u></p> <p>Activa, lúdica e participativa. Sentir, expresar e crear son as palabras clave. O blog de música, presenta diversidade de actividades, -expresión corporal, a voz, práctica instrumental, audicións,- .O alumnado descubrirá un mundo sonoro enriquecido e comprenderá o valor da música como arte. Refórzanse as competencias básicas e as intelixencias múltiples. Traballará de xeito interactivo na aula virtual.</p>
	<p style="text-align: center;">Alumnado sen conectividade</p> <p>Activa e formativa, repasando exercicios e contidos en fichas fotocopiáveis -cancións, partituras, patróns melódicos e rítmicos-..... Refórzanse asimesmo as competencias básicas e as intelixencias múltiples.</p>
Materiais e recursos	<p>-O BLOG de Música, maticesmusicais.blogspot.com , no que hai entradas con contidos axeitados ás súas idades.</p> <p>-A aula virtual, na que suben os traballos realizados.</p> <p>-Fichas fotocopiáveis.</p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	As familias están informadas a través da app ABALARmóbil, por mensaxería e o BLOG está publicado na web do centro. Ademais, o alumnado traballa na AULA VIRTUAL, onde nos comunicamos por mensaxería.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.